

A PELOTA



Trátase dun xogo para que os participantes aprendan o nome de todos os seus compañeiros durante os primeiros días do curso.


Debúxase un gran círculo no chan da clase ou dun patio ou unha sala grande. Un alumno ou unha alumna colócase dentro do círculo, cunha pelota. En voz alta di o seu nome e a continuación di o nome dun compañeiro do grupo, a quen pasa a pelota, e séntase a continuación dentro do círculo (“Chámome Ana e paso a pelota a Juan”). Si non sabe o nome de ninguén, non lle poden axudar e ha de ir pronunciando nomes ata que acerta algún. O que agora ten a pelota, colócase de pé dentro do círculo e fai o mesmo: repite o seu nome e pronuncia o nome doutro compañeiro , a quen lle pasa a pelota e seguidamente séntase dentro do círculo. Esta operación repítese ata que todos os participantes están sentados dentro do círculo.

. Esta dinámica pode repetirse en días sucesivos e trátase, evidentemente, de que cada vez tarden menos en realizala.

Variante:

Cando os participantes xa se coñecen perfectamente polo seu nome, esta dinámica pode seguir facéndose para crear un bo ambiente dentro do grupo. Neste caso, cando un participante pasa a pelota a outro antes de sentarse dentro do círculo, di, ademais do nome do compañeiro ou compañeira a quen pasa a pelota, unha cualidade súa: “Chámome Juan, e paso a pelota a Ana porque é unha persoa que sempre está disposta a axudar”...

A CADEIA DE NOMES



- O primeiro sinal de respecto cara a outra persoa é nomeala. Por este motivo, esta dinámica débese realizar na primeira sesión ao comezo de curso. Este xogo debe suscitarse soamente en grupos onde os estudantes non se coñezan.

O obxectivo da actividade é que os alumnos memoricen os nomes dos seus compañeiros e compañeiras do grupo-clase en forma de xogo. É importante que na presentación o estudante diga o nome co que lle gusta que lle chamen.

- Unha vez presentado o profesor, este pregunta a un alumno que diga o seu nome, a continuación o seguinte deberá dicir o seu e o do compañeiro anterior e así, cada un, e en voz alta, debe dicir o seu nome e o de todos os compañeir@s anteriores.

A dinámica finalizará no momento en que nos aseguremos de que os estudantes coñecen o nome de todos os seus compañeiros e compañeiras.

A ENTREVISTA





Cada participante ten un número. Sácanse dunha bolsa os números ao azar, de dous en dous, de maneira que o grupo quede repartido en parellas e, si é necesario, cun pequeno grupo de tres.

Na primeira fase desta dinámica cada parella entrevístase mutuamente a partir dun cuestionario sobre as súas habilidades, aptitudes e defectos, programas favoritos...e máis aspectos, que decidiron de antemán entre todos.

Na segunda fase, cada participante debe escribir unha frase que resuma as características básicas do seu “socio”, comunícanlla mutuamente, e corríxenlla, si alguén o cre oportuno.



Finalmente, na terceira fase, cada un fai saber ao resto do grupo, lendo a frase que escribiu, como é o seu compañeiro de entrevista.

Esta dinámica pode facerse máis dunha vez, cambiando a natureza das preguntas a responder na entrevista.

En sucesivas aplicacións da dinámica de grupo poden suscitarse preguntas cada vez máis profundas ou persoais.

QUEN É QUEN





O obxectivo desta dinámica é identificar ao compañeiro ou á compañeira segundo as súas actitudes respecto ao grupo e con axuda do profesor ou a profesora.

A cada alumn@ pásaselle unha ficha con frases incompletas sobre as súas actitudes, comportamento, forma de pensar... respecto ao equipo e ao grupo clase en xeral



O profesor recolle as fichas completadas, asigna un número a cada unha delas e o anota ao carón do nome do autor. Logo reparte as fichas a cada un dos estudantes que deben identificar aos autores a partir do que cada persoa dixo ao completar as frases. Logo anotan o nome do posible autor no lugar indicado.

O profesor comproba si coincide co número asignado. Finalmente reflexiónase en gran grupo sobre esta dinámica.

¿QUEN É QUEN?

Número:

1. Cando entro de novo a un grupo, síntome...
2. Cando o grupo empeza a traballar, eu...
3. Cando outras persoas me coñecen por primeira vez, elas...
4. Cando estou nun grupo novo, síntome ben si...
5. Cando a xente garda silencio, eu...
6. Cando algún/a fala moito, eu...
7. Nun grupo sinto temores de...
8. Cando alguén me ataca, eu...
9. Síntome ferido máis facilmente cando...
10. Os que me coñecen ben pensan que eu...
11. Síntome só nun grupo cando...
12. Só confío naqueles/as que...
13. A xente quéreme cando...
14. A miña gran forza persoal é...
15. Eu son...
16. Estou triste cando...
17. Síntome ansioso cando...
18. A cualidade que máis me identifica é...

¿QUEN SON?:

A MALETA





Un día o profesor preséntase na clase cunha caixa en forma de maleta, con algúns obxectos dentro (os que se determinen, tres ou catro), representativos dun trazo da súa personalidade: afeccións, habilidades, defectos, teimas, etc.

Vainos sacando e ensínaos a toda a clase, explicando que representa cada obxecto: “Esta tableta significa que me gusta moito o chocolate, e, en xeral, todos os doces” A continuación explícalles que isto é o que deberá facer cada un, cando se lles avise.



O día que leven a maleta cargada cos obxectos, mostraranos aos seus compañeiros e explicaranlles que significa cada un deles.

Na “maleta” poden traer obxectos, pero tamén fotografías, escritos, poesías, letras de cancións que lles gusten especialmente...